USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# INFORME ANUAL DE SEGUIMENTO

## Grao en Educación Social
## Curso Académico: 2013-2014

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

## 1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO

| DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO | |
|---|---|
| Denominación do título | Grao en Educación Social |
| Códigos identificativos (aplicación Verifica e MEC) | 1658/2009; MEC: 250109 |
| Rama de coñecemento | Ciencias Sociais e Xurídicas |
| Universidade solicitante | Universidade de Santiago de Compostela |
| Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título ou, no seu caso, departamento ou instituto | Facultade de Ciencias da Educación |
| Centro onde se imparte o título | Facultade de Ciencias da Educación - Campus Vida |
| No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s | --- |
| Responsable do título | Decano: R. Lois Ferradás Blanco |
| Correo electrónico do responsable do título | zedudeca@usc.es |
| Curso de implantación do título | 2009-2010 |
| Data última acreditación | 22/06/2010 |
| Órgano responsable da elaboración do informe anual de seguimento | Comisión do título de Grao en Educación Social |
| Órgano responsable da aprobación do informe anual de seguimento | Comisión de Calidade da Facultade |

| 2. INFORMACIÓN PÚBLICA QUE A UNIVERSIDADE FACILITA DE CADA UN DOS SEUS TÍTULOS | |
|---|---|
| **Información pública** | **Páxina web da Universidade/Centro/Título…** |
| Denominación do título | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 |
| Número de créditos e duración do título | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/terminacion.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9 (Lapela Plan de Estudos) |
| Centro responsable do título ou, no seu caso, departamento ou instituto | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 |
| Coordinador/a e/ou responsable do título | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 |
| Centro/s onde se imparte o título | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 |
| No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidad/es participante/s | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 |
| Tipo de ensinanza | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 |
| Número de prazas de novo ingreso ofertadas | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Oferta e admisión) |
| Idiomas en que se imparte o título | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 |
| Saídas profesionais/Profesións reguladas para as que capacita/Prefil de egreso | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Obxectivos, competencias e saídas profesionais) |
| Normativa de permanencia | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Outra información) |
| Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Plan de estudos) |
| Memoria vixente do título | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 |
| Obxectivos do título | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Obxectivos, competencias e saídas profesionais) |
| Competencias xerais | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888 |

| | |
|---|---|
| | &valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Obxectivos, competencias e saídas profesionais) |
| Competencias específicas | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Obxectivos, competencias e saídas profesionais) |
| Criterios de acceso e admisión | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Oferta e admisión) |
| Procedemento de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Oferta e admisión)<br>Con anterioridade ao inicio do curso publícase na sección de Novidades e Avisos da Facultade a data da xornada de acollida e a guía do primeiro curso.<br>Os/as estudantes poden ter información de forma telefónica, presencial ou telemática na páxina http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/ |
| Plan de acción titorial | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Outra información) |
| Perfil de ingreso recomendado | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Oferta e admisión) |
| Condicións ou probas de acceso especiais, se existen | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Oferta e admisión) |
| Programas de mobilidade | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Outra información)<br>http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/mobilidade/index.html |
| Curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existe[1] | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Oferta e admisión)<br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/Curso_Ponte_Ed._Social.pdf |
| Complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo estudante, se fose o caso | --- |
| Estrutura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Plan de estudos) |
| Horarios | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64<br>http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/horario_cursos.html |

| | |
|---|---|
| Guías docentes/Programación docente[2] | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Plan de estudos)<br>http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/programas.html?plan=13282&ano=64 |
| Traballo fin de grao/máster (comisión, convocatorias, etc.) | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Outra información)<br>http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/materia.html?materia=74710&ano=64<br>http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/TFG.html (Normativa, regulamento…) |
| Información sobre as prácticas externas, se as houbera (entidades colaboradoras,…) | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Outra información)<br>http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/practicum/index.html |
| Descrición do profesorado (categoría, datos de contacto... ) | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/profesorado_titulacion.html?plan=13283 |
| Descrición doutros recursos humanos necesarios e dispoñibles para o desenvolvemento do plan de estudos | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/PAS_Facultade_CC_Educacixn_-_2013.pdf<br>http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/servizos.html<br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/memorias_graos_USC/Educacion_Social.pdf |
| Aulas e seminarios | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestruturas.html |
| Laboratorios | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestruturas.html |
| Salas de informática | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestruturas.html |
| Salas de estudo | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestruturas.html |
| Biblioteca | http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/busc/centros/psicoeduca/ |
| Outros servizos dispoñibles | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/servizos.html<br>http://www.usc.es/gl/servizos/ |
| Espazos para os representantes de estudantes | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestruturas.html |
| Taxa de graduación | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Outra información) |
| Taxa de abandono | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Outra información) |

| | |
|---|---|
| Taxa de eficiencia | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Outra información) |
| Taxa de rendemento | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Outra información) |
| Taxa de éxito | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Outra información) |
| Taxas de inserción laboral | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9&orde=true&ano=64 (Lapela Outra información) |
| Outras taxas/resultados complementarias que o título fai públicas (Informe institucional resultados Docentia) | http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/titulosoficiais/datosgraos.html |
| Órgano responsable do sistema de garantía de calidade do título | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html |
| Política e obxectivos de calidade | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html |
| Manual e procedementos do SGC | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html |

[1] **Curso ponte:** centro/s en que se imparte, número de prazas ofertadas, criterios acceso e admisión, probas de acceso se existen, información previa á matriculación, número de créditos do curso, itinerarios formativos, transferencia e recoñecemento de créditos, modalidades de impartición, normativa de permanencia, guías docentes das materias a cursar.

[2] **Tipo de materia, número de créditos, competencias, contidos, metodoloxía, sistema de avaliación, titorías, calendario e horario, responsable docente, idiomas en que se imparte**.

| 3. CUMPRIMENTODOPROXECTOESTABLECIDO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1. Descriciónd otítulo | | | | | | | |
| *Valoraraseocriteriode“Descriciónd otítulo”damemoriaparaasolicitudedeverificaciónd etítulosoficiais(anexoI doRealdecreto1393/2007).* | | | | | | | |
| **Valoraciónxeraldograodecumprimentodocriterio**[3] | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias** | **D** |

**Reflexión(xustificaciónd avaloración) / Conclusións:**

A información facilitada sobre o título de Grao en Educación Social na apartado primeiro da Memoria de Verificación - características xerais da titulación, características académicas e características organizativas-, considéranse relevante, completa e suficiente e, polo tanto, con capacidade para satisfacer as demandas das/os posibles interesados que poden acceder á mesma no enlace

http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions_.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9.

A experiencia recollida ao longo dos anos de implantación do título confirma a claridade deste criterio así como dos documentos que o regulan. O esforzo realizado neste senso influiu notablemente no descenso de consultas xerais nos servizos administrativos, no decanato e nas coordinación do Grao e cursos.

A matricula do Grao no curso académico 2013-2014 elevouse a 362 estudantes (indicador IN02-PC-05) cun incremento do 9,03% respecto a 2012-2013. Do número total de matriculados 88 correspondíanse con matrícula de novo ingreso (indicador IN03-PC-05). Deste total 79 eran alumnas e alumnos de inicio de estudos (indicador IN04-PC-05), o que eleva ao 105,3% a porcentaxe de matricula sobre prazas ofertadas (indicador IN12G-PC-05) superando en 15,33 puntos a media da Universidade de Santiago de Compostela (89,97%); 3 traslados de matrícula; 5 procedentes do cupo de titulados. O número de alumnas e alumnos matriculados a tempo parcial foi de 2 persoas, lonxe do 15% previsto na Memoria de Verificación do Título.

**BOAS PRÁCTICAS**[4]

- Ademais da actualización da información na web institucional, empréganse as aulas virtuais de Coordinación do Grao e de Coordinación de Cursos para divulgar a información relevante sobre o Título de Grao.

**PROPOSTASDEMELLORA:**

**BREVEDESCRICIÓNEXUSTIFICACIÓNDASMODIFICACIÓNS:**

---

[3] **Niveisdevaloración:**

* **Satisfactorio(A)**:existenevidenciasdocumentaisqueapoianapresunciónd unharealizaciónordenadaesistemáticadeacciónsrelacionadascocriterio.Ademaisdesenvólvensedunxeitoeficaz, medibleedeacordoaunhasresponsabilidadesperfectamentedefinidas.

* **Suficiente(B)**:existenevidenciasdocumentaisacercadarealizacióndeactividadesrelacionadascoelementoquepermiten supoñerque,polomenos,nosseusaspectosbásicossedesenvolvendemaneirarecurrenteeordenada,aindaqueexistanaspectossecundariosnoncontemplados.

* **Insuficiente(C)**:existenevidenciaspuntuaisdaexistenciadecontidosrelacionadoscoacuestiónformuladapoloelementoperononseaxustan,nasúatotalidade,aoscriteriosestablecidos,nonestáncorrectamentedefinidosouunonseformulandemaneirasistemática.

* **Ausenciadeevidenciasdocumentais(D)**:nonexistenevidenciasdocumentaissobreocumprimentodacuestiónformuladapoloelementoouasqueexistensoninadecuadas.

[4]**Enténdese por boa práctica**: proxecto, programa, técnica ou medio de xestión, implantado de forma complementaria/suplementaria ao establecido na memoria de verificación, que cumple as seguintes características: xera un impacto positivo no título, podería ser replicado no restos dos títulos, implica un aproveitamento eficaz das oportunidades, demostracreatividade no seu enfoque dun problema, implica efectivade dos recursos...).

| 3. CUMPRIMENTODOPROXECTOESTABLECIDO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **2. Xustificación** | | | | | | | |
| *Valoraraseocriteriode“Xustificación”damemoriaparaasolicitudedeverificacióndetítulosoficiais(anexoI doRealdecreto1393/2007) e a directriz de “Política e obxectivos de calidade da formación” do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoraciónxeraldograodecumprimentodocriterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias** | **D** |

**Reflexión(xustificacióndavaloración) / Conclusións:**

O grao de Educación Social xustifícase a partir da súa relevancia académica, científica e profesional para dar resposta ás demandas e necesidades formativas e sociais en Galicia e España. Esta importancia está avalada por indicadores obxectivos, entre os cales destacan:

1. A alta porcentaxe de estudantes matriculados no grao que no curso académico 2013-2014 ascendía ao total de 362 estudantes (IN02G-PC-05), un 9% máis que no curso 2012-2013.
2. A demanda constante de estudantes de novo ingreso que o curso 2013-2014 suma un total de 88 persoas (indicador INO3G-PC-05), dos cales 79 corresponden á matrícula de novo ingreso (IN04G-PC-05), aspecto que demostra a puxanza do grao e o seu alto nivel de demanda formativa.
3. A captación de titulados en Ciclos Superiores de Formación Profesional. Dos 88 alumnos e alumnas de novo ingreso(IN03G-PC-05), 27 persoas que representan o 30,68% do total proceden do ámbito da formación profesional; este feito destaca a importancia desta titulación como espazo formativo e de especialización para moitos profesionais.
4. Do total de alumnos de novo ingreso inscritos no Grao, un 66,67% (IN10-PC-05) escolleron esta titulación como a súa primeira opción, un feito que destaca a importancia deste grao para as expectativas profesionais dos e das estudantes.
5. No curso 2013-2014, o porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas foi de 79 estudantes, superando o número oficial de prazas propuestas que equivalía a 75 (IN12G-PC-05), un 5.33% por enriba da oferta oficial.

En relación a inserción laboral dos e das egresados/as da titulación de Educación Social, para a elaboración deste informe, non se dispón de datos desagregados que permitan establecer as porcentaxes, procesos e tempos de acceso ao mundo laboral.

Ademais destes indicadores de carácter específico que destacan a relevancia do título de Educación Social no marco formativo e social na Universidade de Santiago de Compostela e no conxunto do Sistema Universitario Galego, tamén se integran algúns aspectos que avalan o bo funcionamento do grao e a súa implementación en distintos niveis: a consolidación dos educadores/ás sociais no conxunto das profesións do social; a puxanza dos titulados nos equipos interdisciplinares de intervención social e o interese social por esta titulación.

Respecto á consolidación da titulación no escenario das profesións sociais, desde o Grao continuouse coa liña de estreita colaboración co Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG), realizándose diversas actividades encamiñadas tanto a incrementar a visibilización e recoñecemento da profesión, como á ampliación de xacementos de emprego para as e os egresados. As actividades desenvolvidas foron as seguintes:

- Fomento e mantemento do denominado Punto de Información Colexial (PIC) na facultade onde as e os estudantes poden seguir a actualidade do CEESG, e de modo particular as actividades de divulgación e formación ás que poden acceder. A organización e xestión do PIC corre a cargo de 2 alumnas supervisadas pola Coordinación do Grao, obtendo como contrapartida a posibilidade de asistencia gratuíta a eventos formativos do CEESG.
- Asesoramento ao CEESG por parte do profesorado do Grao ao longo do curso 2013-2014 na elaboración de documentos, planificación de propostas, alegacións a normativa ou regulamentacións ou convocatorias de emprego nas que deba reivindicarse a figura da Educadora ou Educador Social.
- Difusión do Boletín de Información do CEESG entre docentes e alumnado do centro a través de envíos electrónicos en formato pdf.
- As colaboracións desde o Grao fixéronse extensivas ao ConsejoGeneral de ColegiosOficiales de Educadoras e Educadores Sociales do Estado, coa participación durante o curso 2013-2014 de profesorado do Grao no consello de redacción da publicación dixital RES (Revista de Educación Social) editada polo devandito ConsejoGeneral, onde tamén publican profesonais (profesores/as e titulados/as) da Universidade de Santiago de Compostela.

- ***Implementación da Acción de Mellora AM-1, tarefa AM-1-1 do informe 2012-2013***
  Creación dunha Comisión Mixta formada por alumnado, profesoradoe membros do CEESG para a organización do Día Mundial da Educación Social (2 de outubro), que constitue un evento de presentación publica da titulación na universidadeena sociedade en xeral. A Comisión planificou e desenvolveu as actividades desenvolvidas na facultade e diversos espazos da USC: mesa redonda coa participación dun alumno da titulación, unha profesora, unha representante do CEESG e unha presidenta dunha Asociación cidadá; decoración e exposición na Facultade de cartelería con actividades, programas e propostas no ámbito da Educación Social.

- ***Implementación da Acción de Mellora AM-1, tarefa AM-1-2 do informe 2012-2013***
  Naliña de estimular a investigación en Educación Social a partir da innovación e divulgación dos Traballos de Fin de Grao, a Coordinación do Graocolaborou no seudeseño e formou parte da comisión avaliadora do 1º concurso de *Traballos Fin de Grao tfg.eduso* convocados polo CEESG e dirixidoás tres universidades de Galicia. Cómpre destacar que o primeiro premio foiadxudicado a un traballopresentado por unha alumna da USC.

- ***Implementación da Acción de Mellora AM-1, tarefa AM-1-3 do informe 2012-2013***
  Para facilitar a difusión da información e a colaboración interinstitucional procedeuse durante este curso, á integración do enlace do CEESG na páxina web do Grao de Educación Social.

A xeito de conclusión e coa intención de xustificar de forma categórica a importancia académica e social desta titulación preséntase un gráfico que sintetiza a porcentaxe de matriculados, que dende inicios da oferta incrementouse gradualmente, superando en todos os cursos o 100% das prazas oficialmente establecidas.




Os datos presentados poñen de manifesto a importante demanda que suscita o Grao en Educación Social, e que veñen corroborar a súa destacada presenza no mapa de titulacións da USC e do Sistema Universitario Galego.

**BOASPRÁCTICAS**

- Colaboración co Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG) e continuación do Punto de Información Colexial.
- Colaboración co ConsejoGeneral de ColegiosOficiales de Educadoras y Educadores Sociales do Estado participando profesorado do Grao no comité de redacción da súa Revista (RES).

| PROPOSTASDEMELLORA: |
| --- |
| 1. Incrementar o nivel de participación dos estudantes en eventos de interese para a visibilización da titulación no marco da universidade e a sociedade en xeral. |
| **BREVEDESCRICIÓNEXUSTIFICACIÓNDASMODIFICACIÓNS:** |

## 3. CUMPRIMENTODOPROXECTOESTABLECIDO

### 3. Competencias

*Valoraraseocriteriode"Competencias"damemoriaparaasolicitudedeverificaciondetítulosoficiais(anexoI doRealdecreto1393/2007) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoraciónxeraldograodecumprimentodocriterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión(xustificacióndavaloración) / Conclusións:**

As competencias especificadas no apartado 3 da Memoria do Título de Grao en Educación Social estímanse totalmente axeitadas e pertinentes para o desempeño profesional da Educación Social e o nivel de logro acadado suficiente.

A adquisición das competencias definidiaspermiten acadar unha compresión básica do marco teórico e contextual do quefacer profesional; analizar as realidades e promover, desenvolver e avaliar procesos de acción-intervenciónsocioeducativa; capacitarse como integrante de equipos multiprofesionais sendo quen de achegar as especificidades da profesión, contribuíndo á xeración das sinerxías propias do traballo colaborativo e en rede; dotarse dunha actitude crítica e autocrítica, para o desenvolvemento de procesos de acción-reflexión que permiten avanzar na innovación no eido profesional e interiorizar a necesidade de formación permanente.

Sinálanse as actividades desenvolvidas que permiten recoller evidencias respecto desta valoración:

1. ***Indicadores e informes dispoñibles***

Na pregunta relativa a competencias do Informe de satisfacción dos/as titores/as externos coas prácticas externas (INF.07) "Grao de adecuación das tarefas realizadas polo alumnado en relación coas competencias profesionais da titulación" obtense unha puntuación de 4,0 (escala 1-5), positiva e moi similar á media global da Universidade de Santiago (4,03)

2. ***Implementación da Acción de Mellora AM-2, tarefa AM-2-1 do informe de seguemento 2012-2013: Aplicación e análise da enquisa de satisfacción de 1º a 4º curso en cada semestre***

Continuando a liña de traballo adoptada na Titulación en cursos precendentes de aplicación de medidas lonxitudiais sobre a adquisición de competencias (recomendación formulada desde a ACSUG) aplicouse unha enquisa que no curso 2013-2014 se fixo extensiva ao alumnado de todos os cursos (no 2012-2013 realizárase con alumnado de 2º e 4º curso da titulación) e a finais de cada cuadrimestre (en 2012-2013 realizárase ao final do 2º cuadrimestre) en cumprimento da Acción de Mellora AM-2 tarefa AM-2-1

A enquisa oorganizousenos apartados: "desenvolvemento da docencia", "organización dos horarios de clase", "coordinación e representación" "prácticas" (cursos 3º e 4º) e "administración e servizos". En relación a este apartado do informe son destacables os resultados do apartado "desenvolvemento da docencia" que se amosan no que segue. *Desenvolvemento da docencia*(escala 1-5)

| *curso* | *1º cuadrimestre* | *2º cuadrimestre* | *Media do curso* |
|---|---|---|---|
| 1º | 3,47 | 3,53 | 3,50 |
| 2º | 3,13 | 3,37 | 3,25 |
| 3º | 3,34 | 3,25 | 3,29 |
| 4º | 3,46 | 3,50 | 3,48 |

Como se pode apreciar a valoración global do apartado supera a media todos os cursos e en cada cuadrimestre do 2013-2014, e polo tanto indicativa do logro de obxectivos e competencias, inda que susceptibles de mellora. A enquisa non conta con ningunha pregunta específica sobre adquisición de competencias, pero a partir dos resultados dos ítems 4 a 7 do cuestionario con preguntas relativas aos contidos desenvolvidos nas materias e a facilitación da aprendizaxe e, polo tanto, do desenvolvemento das competencias previstas.

*Desenvolvemento da docencia*(escala 1-5)

| *item* | *1º* | *2º* | *3º* | *4º* |
|---|---|---|---|---|
| 4 Os contidos impartidos son os que figuran nos programas das materias | 3,78 | 3,78 | 3,68 | 3,52 |
| 5 Os contidos das diferentes materias son coherentes e complementarios, non se producen solapamentosoureiteracións | 3,50 | 3,33 | 2,67 | 2,76 |
| 6 As actividades desenvolvidas nas clases expositivas facilitan a aprendizaxe | 3,41 | 3,44 | 3,09 | 3,00 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 7 | As actividades desenvolvidas nas clases interactivas facilitan a aprendizaxe | 3,49 | 3,92 | 3,49 | 3,51 |

*Enquisa de avaliación alumnado 1º de curso do Grao*

- A media obtida nos 12 ítems que compoñen o apartado é de 3,50. No primeiro cuadrimestre 9 dos 12 ítems obteñen valoracións que superan a media da escala. No segundo cuadrimestre 11 dos 12 ítems acadan valoracións que superan a media da escala.
  Deben mellorarse no 1º curso as visitas a institucións ou charlas de profesionais en aula (ítem 11) e o interese e relevancia para a formación das Educadoras/es Sociais deste tipo de actividade (ítem 12)

*Enquisa de avaliación alumnado 2º de curso do Grao*

- A media obtida nos 12 ítems que compoñen o apartado é de 3,25. No primeiro cuadrimestre 10 dos doce ítems obteñen valoracións que superan a media da escala. No segundo cuadrimestre todos os ítems acadan valoracións que superan a media da escala e 6 deles están por riba dos 4,0 puntos.
  Deben mellorarse no 2º curso, inda que con valoracións moi próximas á media, a complementariedade dos contidos das materias (ítem 5) e a selección documental realizada para o traballo nas mesmas (ítem 8)

*Enquisa de avaliación alumnado 3º de curso do Grao*

- A media obtida nos 12 ítems que compoñen o apartado é de 3,48. No primeiro cuadrimestre 10 dos doce ítems obteñen valoracións que superan a media da escala; no segundo cuadrimestre 9 dos 12 ítems.
  Deben mellorarse no 3º curso a complementariedade dos contidos das materias (ítem 5) e a selección documental realizada para o traballo nas mesmas (ítem 8)

*Enquisa de avaliación alumnado 4º de curso do Grao*

- A media obtida nos 12 ítems que compoñen o apartado é de 3,29. No primeiro cuadrimestre 10 dos doce ítems obteñen valoracións que superan a media da escala; no segundo cuadrimestre 11 dos 12 ítems.
  Deben mellorarse no 4º curso a complementariedade dos contidos das materias para evitar que se produzan solapamentos (ítem 5)

En conxunto pódese valorar unha perspectiva positiva no traballo desenvolvido para o logro de obxectivos e competencias, pero con necesidade de reforzar accións que permitan un mellor desenvolvemento.

**3. *Implementación da Acción de Mellora AM-2, tarefa AM-2-2 do informe de seguemento 2012-2013: Aplicación e análise da grella de valoración de competencias nunhamostra de alumnado de 4º, egresados/as e profesorado***

Non se aplicou a grella prevista na acción de mellora sinalada, pero realizáronse diversas actividades que permiten avanzar na recollida de información ao respecto.

A opinión do alumnado sobre valoración do Grao, da súa organización e desenvolvemento, así como do logro de competencias realizouse mediante un Grupo de Discusión realizado na Facultade en data 3 de xuño de 2014, contando coa participación do seguintes alumnos e alumnas: delegadas/os de 2º, 3º e 4º curso (4 persoas); alumnado-titor do Grao (2 persoas); alumnas/os egresados da 1ª promoción do Grao en Educación Social (3 persoas). Previamente envióuselles un documento coas competencias e organización xeral da titulación solicitando a súa lectura e valoración do grao de consecución. Considerase globalmente que o nivel de logro das competencias xerais é "medio"; en relación ás competencias específicas é "medio-alto" no núcleo das relativas á comprensión básica do marco teórico e conceptual do labor profesional (Memoria de verificación do título 1E: de 1.1E-1 a 1.6E), e "medio-baixo" nas relativas á promoción e desenvolvemento de procesos de acción-intervenciónsocioeducativa (Memoria de verificación do título 2E: de 2.1E-1 a 2.6E). Como o grupo de discusión non tiña como único tema de traballo a valoración de competencias, e non permitiu afondar no tema tal e como require, sería de interese ampliar a información neste aspecto mediante outros intrumentos.

**4. *Revisión do Título de Grao***

Desde a Coordinación do Grao (de titulación e de cursos) realizouse no propio curso 2013-2014 unha acción de mellora continuando as dinámicas de revisión emprendidas no curso 2012-2013. A acción consistiu no desenvolvemento dun proceso de Revisión do Título de Grao, tomando como referencia as información recabadas das seguintes fontes: Informes de avaliación por curso do alumnado (1º e 2º cuadrimestre); Actas de reunións de coordinación co profesorado por cursos; revisión dos programas das materias. O proceso concretouse nas seguintes tarefas:

- Revisión horizontal por curso do conxunto de materias: competencias do Título; actividades; avaliación.
- Revisión vertical de itinerarios previstos: "Inclusión socioeducativa" e "Acción sociocultural e desenvolvemento comunitario"
- Revisión vertical das mateiras de metodoloxía da investigación socioeducativa.
- Revisión da adscrición de materias a áreas

No intenso proceso indentificáronse diversos puntos de mellora que, de modo moi resumido, se concretan en: Identificación de certos solapamentos e/ou reiteración de contidos en materias do mesmo ou en diversos cursos da titulación; inconcrecións nalgunha formulación dos mesmos; ausencia dalgúns contidos que permitirían reforzar o logro dalgunha competencia. Algún desaxuste nos intervalos das propostas de actividades de avaliación; posibilidades de mellora na ubicación das materias tanto nos semestres como nos cursos.
Os resultados foron presentados ao conxunto do profesordo da titulación, equipo decanal e direccións de departamento en sendas reunións, propoñendo ao respecto algunhas modificacións que non afectan á estrutura xeral do título e que poderán incorporarse durante o curso 2015-2016. Entre elas: Cambios de semestre, de curso, de denominación dalgunhas materias; incorporación de novas materias;concreción de contidos; reorganización do practicum
O efecto da análise foi xa positiva na elaboración dos programas das materias para o curso 2014-2015.

***5. Satisfacción do alumnado coa docencia recibida***

O indicador IN46-S01-PM-01 relativo á satisfacción do alumnado coa docencia recibida amosa un resultado de 3,80 (escala 1-5) no curso 2013-2014, valoración positiva prácticamente idéntica a obtida nos cursos anteriores (2011-2012: 3,83; 2012-2013: 3,84)

**BOASPRÁCTICAS**

- Proceso global de revisión do Título do Grao (Coordinación de Título e de Cursos)
- Realización dun grupo de discusión co alumnado da titulación para realizar unha valoración do Grao, da súa organización e desenvolvemento, así como do logro de competencias

**PROPOSTASDEMELLORA:**

1. Aplicar unha grella de análise de logro de competencias xerais, específicas e transversais da titulación ao profesorado do Grao en Educación Social.

**BREVEDESCRICIÓNEXUSTIFICACIÓNDASMODIFICACIÓNS:**

| 3. CUMPRIMENTODOPROXECTOESTABLECIDO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **4. Acceso e admisión de estudantes** | | | | | | | |
| *Valoraraseocriteriode“Acceso e admisión de estudantes”damemoriaparaasolicitudedeverificaciónde títulosoficiais(anexoI doRealdecreto1393/2007) e a directriz de “Política e procedementos de admisión” do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoraciónxeraldograodecumprimentodocriterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias** | **D** |

**Reflexión(xustificacióndavaloración) / Conclusións:**

A valoración do criterio “Acceso e admisión de estudantes” da Memoria de Verificación de Título e a directriz “Política e procedementos de admisión” do Programa FIDES-AUDIT considéranse satisfactorias, atendendo aos resultados dos indicadores do SGIC que máis abaixo se indican. Preséntase a información seguindo as recomendacións suxeridas pola ACSUG no informe final de seguimento 2011-2012 de análise dos perfís de ingreso.

1. ***perfil de ingreso*** das e dos estudantes do Grao en Educación Social analízase atendendo aos seguintes indicadores:

   • Matrícula e alumnado de novo ingreso

A matricula no curso académico 2013-2014 -como xa indicamos- ascendeu a 362 estudantes cun incremento do 9% respecto a 2012-2013, curso onde se situou en 332 alumnos/as. Deste total, 88 eran estudantes de novo ingreso (indicador INO3-PC-05) -do que xa se comentaron as características no apartado de Descrición do Título- nunha titulación na que se ofertan 75 prazas en 1º curso (Indicador IN01-PC- 05). Un 4,14% do total do alumnado matriculado son estranxeiros, tal como consta no “Informe 03, Procedencia-Destino dos estudantes participantes en programas de mobilidade”, o que amosa un certo aumento respecto á porcentaxe do curso anterior (3,61%).

Do alumnado de novo ingreso o 66,67% escolleron esta titulación en primeira opción (Indicador IN10-PC-05), cercano á media da USC, que se sitúa no 69,86%.

•Notas de acceso

A nota media de acceso por preinscrición (Indicador INO6-PC-05) foi de 7,31 o que apunta a un perfil de estudantes cun nivel medio de cualificación na educación secundaria e proba de selectividade. Non obstante o indicador relativo á porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación ≥6 (INO7-PC-05) acada o valor do 100%, porcentaxe que supera a media da Universidade de Santiago (88,57%) e o acadado o curso anterior en máis de sete puntos.

2. Procedencia do alumnado

O alumnado do Grao en Educación Social no curso 2013-2014 procedía ou residía maioritariamente na propia Comunidade. Só un 2,76% das e dos estudantes viñan de fóra de Galicia (Indicador INO9-PC-05), porcentaxe inferior ao observado nos anos anteriores.

2. En relación ao ***proceso de acceso e admisión,*** o indicadordispoñible relativo á satisfacción das e dos egresados coa información pública dispoñible (IN23-PC-12) non é relevante, xa que a enquisa só foi cumprimentada por 2 estudantes. Non obstante este é un proceso que se desenvolve fóra do ámbito de responsabilidade da Facultade correspondéndolle aos servizos de xestión da USC. Internamente, tanto os responsables académicos da titulación como os administrativos da facultade facilitaron canta información foi solicitada polo alumnado, orientándoos aosservizoscorrespondentes.

   Respecto á visualización e difusión dos estudos, e continuando un ano máis cunha actividade consolidada no conxunto dos Graos da Facultade de Ciencias da Educación, participouse no programa A Ponte. O profesor Miguel A. Nogueira Pérez, coordinador desta iniciativa na Facultade, recibiu a un total aproximado de 200 alumnas e alumnos de educación secundaria de toda Galicia –o dobre do curso anterior- durante o mes de febreiro, que tiveron a ocasión de coñecer detalladamente as características do Grao en Educación Social e coñecer o punto de vista do alumnado titor do Grao.

3. ***Procedemento de acollida e orientación de estudantes de novo ingreso***.
   - Desenvolvéronse as xornadas de presentación, orientación e información para o alumnado de 1º curso. Xornadas divulgadas tanto con cartaces como a través da Web da Facultade na sección de

Avisos. Como ven sendo tradición realizouse o primeiro día de clase, dedicándoo monográficamente a esta actividade. Organizouse en dous momentos: un inicial conxunto coa titulación de Pedagoxía para proceder á presentación do equipo decanal e coordinadora da titulación, e os coordinadores/as de curso, ademais da directora da biblioteca e o coordinador das aulas de informática. Neste primeiro momento entregóuselles a Guía de Acollida que contén a información básica da Facultade e os programas das materias de 1º curso. Un segundo momento específico coa súa coordinadora e a titora de curso, profesora Beatriz García Antelo, onde o alumnado recibiu unha información máis detallada da titulación, a súa organización xeral e os elementos básicos para comezar o cuadrimestre.

- Sesión explicativa do funcionamento da Biblioteca. Na primeira semana de clases realizouse por parte do persoal da Biblioteca da Facultade unha sesión explicativa da organización, acceso e posibilidades que a Biblioteca da USC ofrece ao alumnado no seu proceso formativo. Esta actividade responde a acción de mellora prevista AM-3.
- Este ano, tal e como se propuxo como acción de mellora (AM-3), realizouse na segunda semana de clase unha sesión explicativa sobre o Campus Virtual dirixida ao alumando de novo ingreso, impartida por persoal do CETA

**4. *Apoio e orientación aos estudantes***

- Programa alumno-titor.

Durante o curso 2013-2014 o Programa contou con un alumno e unha alumna titores que desenvolveron as súas funcións a través de diferentes acción ao longo do curso destacando especialmente as charlas informativas nas aulas dos grupos de 1º e 2º curso, odesenvolvendo titorías presenciais nun horario fixado cada semana e a atención a través de correo electrónico.

Na convocatoria para o exercicio no curso 2014-2015 e logo de facer unha difusión por diferentes medios (taboleiros, aulas virtuais de coordinación e presentacións na propia aula), presentáronse 4 candidatas. Por diferentes circunstancias só cumpriu os requisitos da USC (formación específica) unha candidata.

**BOASPRÁCTICAS**

- Realización dunha sesión explicativa sobre o Campus Virtual levada a cabo polo persoal do CETA e dirixida ao alumnado de 1º curso do Grao
- Maior difusión do programa Alumno-Tutor, ( na web, información directa nas aulas...) que se pon de manifesto no maior número de candidatos/as que no curso anterior

**PROPOSTASDEMELLORA:**

1. Organización dunha sesión de presentación de distintas asociacións estudantís da USC con representación na Xunta de Facultade/Claustro, que contribúa aun maior coñecemento do funcionamento da universidade e, ao tempo, favorezan á participación do alumnado na vida universitaria.
2. Mellora da xornada de acollida do alumando de 1º a través de actividades como:
    - Presentación detallada do título e da súa proxección profesional
    - Participación do alumnado titor na sesión informativa inicial do alumnado de 1º curso
    - Visita guiada polas instalacións da facultade acompañados do alumnado titor/a e alumnado de 4º que favoreza a súa rápida integración na vida do centro

**BREVEDESCRICIÓNEXUSTIFICACIÓNDASMODIFICACIÓNS:**

## 3. CUMPRIMENTODOPROXECTOESTABLECIDO

### 5. Planificación das ensinanzas

*Valoraraseocriteriode"Planificación das ensinanzas"damemoriaparaasolicitudedeverificacióndetítulosoficiais(anexoI doRealdecreto1393/2007) e a directriz de "Planificación da ensinanza" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoraciónxeraldograodecumprimentodocriterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión(xustificacióndavaloración) / Conclusións:**

O criterio e directrices recollidas no apartado Planificación das Ensinanzas valóranse en liñas xerais satisfactoriamente atendendo aos seguintes aspectos:

1. ***Estrutura do programa formativo***:
A organización modular do Grao en Educación Social de Universidade de Santiago de Compostela, como se indicou en informes precedentes,enténdese valiosa para realizar un aproximación secuenciada e progresiva aos saberes e competencias requiridos. A participación en encontros específicos arredor da titulación (Conferencias de Decanos de Educación, Sevilla xuño de 2014) ratifican a validez da estrutura do programa formativo. Este iníciase cos módulos que achegan unha visión do alcance e significado dos procesos educativos no seo da sociedade (1º curso); avánzase naqueles outros que inciden no estudo das características da profesión, axentes, institucións educadoras e recursos na Educación Social (2º curso); concrétase cun módulo que contempla os procesos de planificación, deseño, desenvolvemento e avaliación da acción socioeducativa en diversos contextos e realidades sociais (3º e primeiro cuadrimestre de 4º curso); culmina, no segundo cuadrimestre de 4º curso, cun módulo que aborda os procesos de innovación no ámbito profesional da Educación Social. O proceso de Revisión de Titulo desenvolvido a finais do curso –resumido no apartado 3: Competencias- achega información relevante para matizar certas imprecisións na ubicación de materias que permitirán mellorar a proposta.

2. ***Horarios***
A organización de horarios na Facultade de Ciencias da Educación (campus Vida) é sen dúbida un dos retos máis complexos habida conta o elevado número da alumnos que reúnen as 2 titulacións de Grao e os 3 de Master nunhas dependencias compartidas (e que obriga ao establecemento de quendas) e coa presión engadida dos calendarios de Practicum (que implica comprimir cuadrimestres para acudir no tempo previsto ás institucións). Polo tanto resulta moi difícil organizar horarios óptimos para o desenvolvemento da docencia e que á súa vez liberen tempo para a preparación de traballos en grupo por parte do alumnado, para as visitas a institucións, para o traballo persoal … Esta situación viña xerando descontento do que o alumnado deixaba constancia na Enquisa de valoración aplicada desde as Coordinacións do Grao (título e cursos) acadando no curso 12-13 puntuacións de 2,95 (2º curso) e 2,60 (4º curso, especialmente afectado polo calendario de practicum). No curso 2013-2014 esta situación veuse mellorada polos seguintes motivos:
   - O cambio de cuadrimestre da materia Practicum II de 4º curso coa conseguinte reorganización horaria do primeiro e segundo cuadrimestre.
   - Revisión minuciosa dos horarios de curso desde o vicedecanato de ordenación académica, tratando de evitar xornadas sobrecargadas, horas mortas entre sesións de aulas, etc.

   Consecuentemente, e inda que quedan moitos aspectos que mellorar neste sentido, o alumnado valorou máis positivamente a organización dos horarios de clases en relación ás posibilidades de traballo persoal e/ou en grupo (item 13, escala 1-5):

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1º curso 3,5 | 2º curso 3,25 | 3º curso 2,47 | 4º curso 3,48 |

3. ***Mecanismos de coordinación docente***

   Desenvolvéronse mecanismos efectivos de coordinación directa no Grao, positivamente valorados polo conxunto do profesorado e o alumnado:

   - Reunións xerais entre a coordinadora do Grao e as coordinacións de curso recolléndose nas actas correspondentes os asuntos tratados e acordos tomados nas mesmas. As reunións tiveron como temas:
     - Planificación anual do traballo de coordinación
     - Organización do Día da Educación Social
     - Elección de delegadas e delegados de curso
     - Planificación, aplicación e análise das enquisas de avaliación do 1º e 2º cuadrimestres
     - Análise dos resultados de avaliación 1º e 2º cuadrimestres
     - Planificación da Revisión do Título de Grao
     - Análise do proceso de revisión: competencias e fichas de materias por curso (varias reunións)
     - Análise do proceso de Revisión do Título: itinerarios
     - Planificación e desenvolvemento do Grupo de discusión co alumnado

- Organización das reunións co profesorado por curso

- Reunións de cada coordinadora/or de curso co profesorado correspondente coas seguintes finalidades:
  - 1º cuadrimestre Intercambio de opinións sobre o clima de aula nos diversos grupos, revisión dos resultados da Enquisa de avaliación do curso anterior; revisión de datas de entrega dos traballos encomendados para evitar saturacións.
  - 2º cuadrimestre cuadrimestre para realizar unha avaliación global do desenvolvemento do curso; inforar dos resultados da Enquisa do 2º cuadrimestre; realizar unha análise global dos resultados de ambos cuadrimestres; anotar suxestión de mellora na elaboración de programas; informar do proceso de Revisión do Título.
- Realizáronse periódicas de cada coordinadora/r de curso co alumnado, tanto coas delegadas como co conxunto do grupo.
- Relizouse una presentación ao alumnado de 2º curso das características xerais dos itinerarios e materias de 3º e 4º curso para intentar mellorar o proceso de selección que deben realizar na matrícula de 3º curso.
- Realizáronse reunións entre as Coordinacións de Graos da facultade e o Decanato para informar do proceso de Revisión do Título e planificar as reunións precisas para a divulgación dos resultados (direccións de departamento, profesorado)
- A coordinadora do Grao acudiu á reunión da Conferencia de Decanos de Educación (Sevilla, xuño de 2014) dedicada monograficamente ao Título de Educación Social, encontro que permitiu confirmar a orientación e desenvolvemento positivo que se está a realizar na Universidade de Santiago de Compostela.

***Implementación da acción de mellora AM-4-2*** (informe de seguemento 2012-2013) de activación das aulas virtuais de coordinación para cada curso da titulación e outra de coordinación do Grao. As aulas virtuais amósanse como un instrumento áxil, dinámico e eficaz para manter contacto co alumnado e profesorado da titulación. O propio alumnado así o ratifica atendendo aos resulados do ítem 14 da Enquisa aplicada "Paréceme útil a aula virtual de coordinación" (escala 1-5)

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1º curso 3,30 | 2º curso 3,25 | 3º curso 3,21 | 4º curso 3,82 |

4. ***Programación docente***.
Todas as materias da titulación teñen dispoñibles na páxina web correspondente os seus programas, http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13282&estudio=13283&codEstudio=12888&valor=9 fundamentalmente nos dous idiomas oficiais.
A información facilitada ao profesorado do proceso de Revisión do Título, permitiulle comprobar a análise das fichas das materias da súa responsabilidade docente, os posibles solapamentos, imprecisións, … que redundaron positivamente na elaboración dos programas de curso 2014-2015. Por outra parte o profesorado recibiu un documento de propostas para mellorar a elaboración de programas.

5. ***Sistema de avaliación***
No curso 2013-2014 produciuse un salto cualitativo do indicador IXA-04 (porcentaxe de actas fóra de prazo) que rexistra para esta titulación un valor do 20% (17 de 85 actas) que rompe totalmente coa traxectoria da titulación (2012-2013: 9,41%; 2011-2012: 2,94; 2010-2011: 4,00). Cómpre, sen dúbida, mellorar este aspecto que debe considerarse como unha situación puntual ou circunstancial.

6. ***Traballo Fin de Grao***

No curso 2013-2014 realizouse un esforzo específico de atención á materia Traballo Fin de Grao, tratando de alentar e motivar ao alumnado no seu desenvolvemento e dotándoo de recursos que mellorasen o logro na mesma. Neste sentido, organizouse o curso de "Orientacións para a elaboración do TFG: Busca e xestión da información científica" que foi desenvolvido por Cristina Cabada, Técnica da Biblioteca Intercentros de Psicoloxía e Ciencias da Educación. O curso que tivo unha grande acollida e valoración entre as/os 36 alumnas e alumnos participantes, desenvolveuse monográficamente nunha xornada o día 14 de febreiro de 2014. É de interese repetilo no próximo curso anticipando a súa celebración a mediados do primeiro cuadrimestre de curso.

Planificáronse axeitadamente o conxunto de tarefas que require a materia Traballo Fin de Grao. Modificouse a Guía pola Comisión correspondente e aprobouse posteriormente na Xunta de Facultade, atendendo ás modificacións no regulamento da Universidade de Santiago de Compostela; elaborouse un documento específico de referencia para a avaliación destinado aos tribunais.

Dun total de 106 alumnas e alumnos matriculados en 4º curso na materia TFG, dos que 80 eran de nova matrícula e 26 repetidores, un total de 62 alumnas e alumnos (58,49%) defenderon o seu traballo (no enlace http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/GRAO_EN_EDUCACIxN_SOCIAL_-_TFG_DEFENDIDOS_CURSO_ACADxMICO_2013-14.pdf da web da facultade dispone das autorías, títulos e titores/as correspondentes, ademáis da normativa vixente). A porcentaxe, debendo mellorarse notablemente, representa un avance de 5 puntos sobre os presentados no curso 2012-2013 (53,3%). Débese polo tanto

continuar incidindo na liña de traballo por reforzar ao alumnado e motivalo diante desta materia. Neste sentido é relevante tamén a convocatoria do II Concurso de Traballos Fin de Grao Eduso.net realizada polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia que premia os mellores TFG presentados nas universidades galegas, do que xa demos referencias no apartado Xustificación deste informe.

Quere subliñarse, un ano máis, o enorme esforzo realizado polo profesorado cos Traballos Fin de Grao, cunha implicación e dedicación horaria que desborda o marco administrativo das responsabilidades ao respecto. Enténdese que a regulamentación desta cuestión -que desborda o ámbito de responsabilidades da Facultade-, debe formar parte das accións de mellora das autoridades académicas pertinentes.

***7. Practicum***

Para a realización das materias Practicum 1 (3º curso) e Practicum 2 (4º curso) o Grao dispón de arredor de 60 convenios asinados con institucións que deron lugar a 160 prazas ofertadas. O proceso de actualización da base de convenios vese agravado progresivamente pola desaparición de entidades, programas e iniciativas socioeducativas, como consecuencia dos recortes orzamentarios en políticas de educación e benestar social. Esta situación dificulta en gran medida a responsabilidade de planificación dos practicum do noso alumnado, xa lastrado pola necesidade de compartir equipamentos con alumnado doutras titulacións do social (Pedagoxía, Psicoloxía, Traballo Social, Técnicos de F.P.)

O estudo de satisfacción co proceso realizouse desde as Coordinacións do Grao a través da análise do apartado *Prácticas* (ítems 17 a 21) da Enquisa aplicada en 4º curso e por primeira vez en 3º.

| *Items* (escala 1-5) | *Practicum 1 3º curso* | *Practicum 2 4º curso* |
|---|---|---|
| 17. Axuste das prácticas ao establecido no programa | 3,52 | 4,04 |
| 18. Consonancia das funcións realizadas co perfil profesional | 3,39 | 3,86 |
| 19. Fluidez da coordinación titor/a de centro con supervisor/a da facultade | 2,94 | 2,96 |
| 20. Grao de acompañamento do supervisor/a na facultade | 3,61 | 3,67 |
| 21. Grao de acompañamento do titor/a de centro | 3,58 | 4,04 |

Como se pode comprobar a valoración global é positiva en ambos cursos, e destacablemente mellor no segundo practicum que mantén valores similares aos obtidos no curso 2012-2013 (17: 3,80; 18: 3,90; 19: 3,40; 20: 3,50; 21: 4,0). Sen dúbida as características específica de desenvolvemento de procesos fronte a un practicum 1 de observación e planificación poden estar tras esta diferenza.
Con todo o punto negro márcase claramente nos procesos de coordinación entre supervisor/a e titor/a, sendo preciso atopar canles que faciliten o intercambio de información, que podería axilizarse a través do emprego de plataformas virtuais para encontros de traballo.

Esta valoración coincide plenamente coa ofrecida no IN19G-PC-09 (satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas) que amosa un valor de 3,55.

| *Items* (escala 1-5) | *Media Título* | *Media Global USC* |
|---|---|---|
| As prácticas realizadas resultáronme útiles e foron un bo complemento para a miña formación | 3,93 | 4,26 |
| As actividades desenvolvidas na empresa/institución cumpriron as expectativas que tiña antes de comezalas | 3,60 | 3,84 |
| A duración das prácticas foi axeitada | 2,20 | 2,99 |
| As instalación e medios materiais con que contei na empresa/instituci´n foron suficientes para a realización das prácticas | 3,80 | 4,16 |
| A atención recibida por parte do titor/a profesional e do persoal da empresa foi adecuada | 4,00 | 4,33 |
| A información, orientación e atención prestada por parte da/o miña/meu titora/titor académico da Universidade foi axeitada | 3,60 | 3,76 |
| En xeral estou satisfeito coa práctica realizada | 3,73 | 4,02 |

Como se pode observar no cadro explicativos do items do indicador os valores da titulación están por debaixo da media global da Universidade de Santiago. Especialmente relevante o relativo á duración das prácticas, aspecto que espera subsanarse coa remodelación deste período no curso 2015-2016 como se indicou no apartado de Competencias.

- A satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas que recolle o indicador IN21G-PC-09, é de 3,64 para esta titulación, valor que denota a tendencia media dos practicum, e que indica un leve retroceso respecto á valoración do curso 2012-2013 (3,70).

***8. Normalización lingüística***

***implementación da acción de mellora AM-4-3: celebración das Xornadas os recursos educativos en galego para a Eduación Social.*** A sexta edición da Xornada Os Recursos Educativos en Galegos foi dedicada á dedicada á Educación Social. A iniciativa que tivo lugar os días 8 e 9 novembro de 2013 foi planificada desde a Comisión de Normalización Lingüística da Facultade en colaboración co Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia no segundo cuadrimestre do curso.
http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/xornadas.pdf
A experiencia resultou moi positiva valorándose a posibilidade de repetila no curso que ven a fin de poder presentar novos ámbitos de acción socioeducativa e os recursos en galego que están a empregar.

***9. Procesos participativos do alumnado***

Desde o Grao de Educación Social iniciouse un proceso de mellora na implicación e participación do alumnado no desenvolvemento da Titulación e na actividade da Facultade. Desde as coordinacións do título e de cursos ***implementouse a acción de mellora AM-4-1*** de acompañamento no proceso democrático de elección de delegados/as. As coordinacións de curso estimularon o desenvolvemento do proceso auspiciando a presentación de candidaturas, debates e elección formalizada, da que se solicitou que se levantara acta. Cabe sinalar que o alumnado manifesta escaso interese por estes procesos, obténdose no intento resultados diversos; non obstante na coordinación do título recibíronse as actas que describían o sistema de elección e candidatos/as electos. Cómpre insistir e avanzar neste punto tan relevante para a capacitación como cidadanía implicada e democrática, polo que insistirase no curso próximo buscando novas vías para a mellora dos procesos participativos na facultade.

***10. Actividades complementarias***

- Presentación da Plataforma "A desalambrar" Genneth Corcuera (21/11/2013). Interesante actividade que abarrotou o salón de actos para escoitar a pesentación de Genneth Corcuera, unha chica xordo-cega de nacemento que achega con firmeza os retos que deben superar as persoas con limitacións e/ou discapacidades.
- III Xornadas Educación Social e Violencia de Xénero (29/11/2013). Colaboración das Coordinaciós do Grao co Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia. Tiveron unha ampla asistencia de alumnado da titulación xunto con profesionais para abordar desde a perspectiva socioeducativa unha lacra social que debemos enfrontar decidida e colaborativamente.
- Semana pola Educación Ambiental. Ciclo de cine: educación, ambiente e comunidade (21-23/04/2014). Organizado pola Comisión Cultural da Facultade e o alumnado de 4º curso da materia Educación Ambiental (prof. Germán Vargas)

**BOASPRÁCTICAS**

- Desenvolvemento do curso "Orientacións para a elaboración do TFG: Busca e xestión da información científica"
- Elaboración dun documento de referencia para os tribunais de TFG.
- Accesibilidade na páxina institucional ao listado de TFG defendidos no curso.
- Elaboración desde a Coordinacións (Titulación e de cursos) dun documento orientativo para a mellora dos programas do curso 2014-2015

**PROPOSTASDEMELLORA:**

- Organizar as Xornadas de Recursos educativos sobre a educación social
- Experiencia piloto de encontros de traballo por videoconferencia con titores/as de practicum

**BREVEDESCRICIÓNEXUSTIFICACIÓNDASMODIFICACIÓNS:**

| 3. CUMPRIMENTODOPROXECTOESTABLECIDO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 6. Recursos humanos | | | | | | | |
| *Valoraraseocriteriode"Persoal académico"damemoriaparaasolicitudedeverificacióndetítulosoficiais(anexoI doRealdecreto1393/2007) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoraciónxeraldograodecumprimentodocriterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias** | **D** |

**Reflexión(xustificacióndavaloración) / Conclusións:**

A valoración xeral do cumprimento deste criterio no curso 2013-14 considérase suficiente para o desenvolvemento do Grao en Educación Social segundo os indicadores manexados.

1. Sobre a **preparación do persoal académico para impartir o Grao**, os tres indicadores que se recollen a continuación salientan a súa alta cualificación en docencia e investigación. Datos que, nalgúns dos casos, mesmose teñen mellorado de forma destacablecon respecto ao ano anterior:
   - No curso 2013-14, a *porcentaxe de PDI a tempo completo con sexenios sobre o PDI total con docencia no título* (indicador IN24G-PS-01) situouse no 46,34%, nun proceso de incremento progresivo respecto do curso anterior (curso 2012-2013: 41,46%).
   - A *porcentaxe de PDI Doutor sobre o total do PDI con docencia no Grao* (indicador IN25G-PS-01) foi do 90,24% (curso 2012-2013: 78,05%). Esta porcentaxe sitúase por riba da media da USC (85,02),o que confirma o alto grado de formación do profesorado da titulación.
   - Finalmente, do total do PDI con responsabilidades docentes no Grao, o 58,54% son *PDI funcionario* (indicadorIN26G-PS-01), seguindo tamén unha tónica positiva respecto a anteriores cursos (2012-2013: 58,54%).
2. En relación ao **número de alumnado por grupo**, a titulación manexou no 2013-2014 cifras asumibles -en termos globais- para o desempeño docente como se constata nos datos dos indicadores que se sinalan. Quérese destacar, non obstante, unha tendencia de incremento nos valores destes indicadores que dan conta dos axustesen política de persoal que alertan do posible agravamentodas condicións para o desenvolvemento dunha docencia de calidade:
   - A *media de alumnos por grupo de teoría* estivo en 66,64 (indicador IN31G-PS-01), moi por riba da media da USC (49,12) e en 26,7 no *grupo de práctica,* tamén por riba da media da USC (22,46) (indicador IN32G-PS-01).
   - A *ratio estudantes/profesor-a a tempo completo* (indicador IN30G-PS-01) sitouse en 9,53, moi superior á media das titulacións da USC (6). Se ben puidera valorarse como unha cifra asumible, quere destacarse o notorio incremento respecto a cursos anteriores (curso 2011-12: 8,74; curso 2012-13: 6,95). A situación foi particularmente complicada na docencia da materia Traballo Fin de Grao cunha sobrecarga de tarefas no PDI asignado, cun recoñecemento en dedicación docente claramente insuficiente para un desempeño de calidade e de acordo coas necesidades do alumnado.
3. O **grao desatisfacción de docentes e discentes coa docencia impartida / recibida** é outro aspecto destacable na valoración deste criterio:
   - En canto ao *nivel de satisfacción do alumnado coa docencia recibida* (indicador IN46G-S01-PM-01), no curso 2013-14 acadouse un valor medio de 3,8 (nunha escala de 1 a 5), semellante á do curso anterior e á media da USC, e isto a pesar do incremento dos valores do epígrafe 2 deste apartado (nº de alumnado por grupo).
   - Sobre á *satisfacción do profesorado coa docencia impartida* (indicador IN47G-S01-PM-01) a media situouse nun 3,72 (escala de 1 a 5), tamén semellante á medida da USC.

Ambos indicadores, de valor semellante, aínda que satisfactorios, seguen sendo susceptibles de mellora.Con todo, medidas levadas a cabo no curso 2013-2014, como foi a mellora da coordinación a partir da posta en marcha e uso de aulas virtuais de coordinación por curso e para a Coordinación xeral do Grao contiveron os posibles efectos negativos do incremento das ratios sobre os niveis de satisfacción de alumnado e profesorado.

| BOASPRÁCTICAS |
|---|
| |
| **PROPOSTASDEMELLORA:**<br>1. Fomento e dinamizacióndo uso das aulas virtuais de coordinación de curso e de coordinación xeral do Grao coa intención de aportar beneficios ao desenvolvemento da docencia e, polo tanto, para ampliar satisfacción do docente e tamén a satisfacción do alumnado coa docencia. |
| **BREVEDESCRICIÓNEXUSTIFICACIÓNDASMODIFICACIÓNS:** |

## 3. CUMPRIMENTODOPROXECTOESTABLECIDO

### 7. Recursos materiais e servizos

*Valoraraseocriteriode“Recursos materiais e servizos”damemoriaparaasolicitudedeverificacióndetítulosoficiais(anexoI doRealdecreto1393/2007) e a directriz de “Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos” do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoraciónxeraldograodecumprimentodocriterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión(xustificacióndavaloración) / Conclusións:**

O criterio “Recursos materiais e servizos” e a directriz de “Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos” valóranse en termos globais satisfactoriamente. A análise dos diversos indicadores e elementos apunta, non obstante, á posibilidade de mellora nalgúns aspectos compartidos polo conxunto de titulacións da Facultade.

**1. *Equipamento e aulas informáticas***

- Atendendo aos datos achegados pola Coordinación das aulas de informática da Facultade, a situación continúa a ser a mesma que a do curso 2012-2013 en canto a equipamentos (indicadores da Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datosgraos.html), dispoñendo de 96 ordenadores conectados á rede para docencia, polo que continúan as mesmas dificultades expostas no informe do pasado curso (alta ratio de alumnos por ordenador na aula de docencia...). E o mesmo en canto a ordenadores para “non docencia”, dispóñense de 39 na Facultade, insuficientes para atender con garantías ao alumnado a tempo completo nas titulacións da Facultade, incluída a de Educación Social.

- Como actualización dos equipamentos da aula de docencia no curso pasado, salientar a limpeza e revisión dos PCs para a mellora do seu funcionamento. Estas tarefas foron desenvoltas polo técnico informático, que non é exclusivo para a Facultade de CC. da Educación do Campus Vida, senón tamén para outros centros, o cal complica a atención a usuarios como é o caso do equipamento do profesorado e dos equipos das aulas de docencia. Dende a Coordinación deRede de Aulas Informáticas (RAI) estímase preciso a presenza doutro técnico, pero nunha época actual de contención de gasto, non parece posible esta opción.

- Existen na Facultade do Campus Vida dúas aulas de informática -unha é de uso libre (Aula 2) e outra que está destinada á docencia especializada (aula 16)- xestionadas a través da RAI da USC. A aula de uso libre segue precisando un mellor axuste nos horarios de apertura, considerados insuficientes tanto polo alumnado do Grao en Educación Social como polo das outras titulacións da Facultade. Con todo, a valoración que fixo o alumnado de Educación Social sobre este servizo nas enquisas aplicadas durante o curso 2013-2014, sendo aínda baixa (2,88 sobre 5), tivo unha leve melloría (2,55 de media no curso 2012-2013); Os reaxustes en políticas e usos TIC da USC farán reconsiderar as condicións deste servizo en vindeiros cursos. No obstante hai perspectiva de continuar o mantemento de equipos e realizar un mellor axuste dos horarios ás necesidades dos usuarios (máis que ampliándoos) especialmente no tramo máis demandado, o de mañá. Con todo, o axuste de horarios entre as posibilidades dos bolseiros (tamén alumnos con clases ordinarias) e do alumnado usuario non resulta fácil, pero a Coordinación das aulas traballa arreo ao inicio de cada curso para buscar as mellores solucións en función das circunstancias que se manifesten cada ano. Nun futuro próximo (sen definir para o curso 2014-2015) a Facultade permanecerá á expectativa da reformulación das Aulas RAI e a súa xestión por parte da USC. As principais carencias deste servizo veñen derivadas do estrito control de gasto, que derivaron na non adquisición/renovación de novos equipamentos e a redución en cursos anteriores de 3 a 2 bolseiros RAI, co que iso implicou nos horarios de apertura da aula de uso libre (cada bolseiro dedica 15 horas semanais a atención da aula RAI) e mesmo a disposición da aula de docencia para uso libre, como sucedía antes da implantación dos Graos na Facultade.

- Coa intención de non quedar supeditados en exclusiva ás problemáticas anteriores, a Facultade precisa buscar novas posibilidades na liña de optimizar recursos TIC xa existentes na USC, entre as que se podería destacar a mellor difusión da Aula Universia, apenas a 1 km do edificio de CC. da Educación no Campus Vida: https://www.usc.es/es/servizos/atic/rai/aulauniversia así como outros recursos próximos.

- Salientar que as reformas na Biblioteca da Facultade (ver punto 2 deste epígrafe) tamén supuxeron unha mellora en canto á dispoñibilidade de equipos informáticos. En concreto existen 13 PCs dos cales 7 teñen acceso completo á rede e aplicativos, compensando en certo grado as carencias da aula RAI de acceso libre. Así mesmo, estes PCs, xestionados polo persoal da biblioteca, están dispoñibles nun amplo horario de mañá e tarde mentres a Biblioteca se atopa aberta ao público.

- En canto á rede WIFI, cabe destacar que é altamente accesible en toda a Facultade ao ter procedido a unha ampliación e mellora no curso 2012-2013. A finais do curso 2013-2014 na USC comezouse co inicio dunha migración cara unha das redes protexidas dispoñibles na WIFI (eduroam-educationroaming). Ante as carencias da aula de informática de uso libre da Facultade, tórnase importante difundir entre o alumnado a necesidade de realizar esta migración (máis velocidade, seguridade, etc.), co apoio dos bolseiros da citada aula, para garantir o acceso a Internet (USC, Campus Virtual, Biblioteca… en liña) a través dos seus propios portátiles, tablets ou móbiles.

- O profesorado, ademais do ordenador do que dispón no despacho da Facultade, conta con outros recursos a disposición para o seu uso en diversos espazos e funcións (ordenadores portátiles, canón de vídeo, cámaras de vídeo …) xestionados desde a conserxería da Facultade. Ademais, os diferentes grupos de investigación presentes na Facultade dispoñen de dotacións tecnolóxicas que complementan as xa existentes a disposición do profesorado.

- Disponse tamén de dotación para videoconferencia, instalada na Aula Sarmiento da Facultade.

### 2. *Biblioteca*

A finais do curso 2013-2014 finalizáronse as obras de mellora da Biblioteca Intercentros de Ciencias da Educación e Psicoloxía. O principal obxectivo da remodelación fora ofrecer aos usuarios a posibilidade de acceder directamente aos fondos en depósito, sen necesidade de intermediación por parte do persoal da Biblioteca. Esta remodelación implicou a mingua de espazos e postos para lectura na propia Biblioteca durante as obras, pero o final das mesmas propiciou dispoñer novamente da sala de lectura no módulo B da Facultade (100 postos). Tamén se dispuxo dalgunha aula específica para tal cometido no módulo A da Facultade (50 postos). O módulo da Biblioteca, logo da nova disposición dos espazos para os fondos en depósito, ofrece case 200 postos de lectura (fronte aos máis de 320 antes das obras), que sumados ao resto dispoñibles supoñen arredor de 350 postos dispoñibles a finais do curso 2013-2014. A ratio posto/alumno-a continua resultando insuficiente e lonxe dos 440 postos necesarios (ratio recomendada 1 posto/5 alumnas-os) que correspondería atendendo só a matrícula en Educación, e sen contar coa suma total co alumnado de Psicoloxía que elevaría a 660 postos esta cifra. Con todo, unha mellor optimización dos usos doutros espazos (aulas de clase, zonas para traballo en equipa, etc.) podería axudar a compensar este desfase de ratio na Facultade.

En canto aos fondos, agora de acceso directo na súa totalidade, a Biblioteca Intercentros contou, no curso 2013-2014, con máis de 110.700 volumes (monografías) e máis de 1600 títulos de revista (máis de 200 con subscrición aberta), facendo a Facultade un esforzo por continuar coa adquisición de novos fondos e mantendo o maior número de subscricións a revistas no campo da Educación e áreas afíns. Compre suliñar o forte recorte presupostario que tanto afectou á colección de libros como á de revistas, sendo esta última a máis perxudicada debido ao peche sistemático de subscricipcións que se producen anualmente.
O persoal da Biblioteca imparte cursos de formación para todo o alumnado, tanto os que acceden por primeira vez á universidade como para aqueles que se atopan en etapa de Traballo Fin de Grao, Traballo Fin de Máster e de etapa de Tese. Cursos que se imparten presencialmente e tamén a través da plataforma on line da Universidade.

En relación ás valoracións deste Servizo, salientar que é moi recoñecido polo alumnado e o profesorado, no que se dispón do 90% das referencias bibliográficas recomendadas nos programas das materias polo profesorado.Concretamente, as valoracións feitas polo alumnado no curso 2013-2014 tiveron un descenso con respecto ao ano anterior explicado polo proceso das obras acometidas. A pesar da variación, continuou sendo un servizo ben valorado (media de 3,02, nunha escala 1-5 na enquisa aplicada ao alumnado do Grao en Educación Social no curso 2013-2014; media de 4,02 no curso 2012-2013 cun funcionamento normal). Espérase que no curso 2014-2015 as valoracións se incrementen ao terse recuperado o normal funcionamento da Biblioteca e con novas prestacións, como son novos equipos informáticos para os usuarios (13), consulta directa dos fondos, etc.

### 3. *Espazos e aulas*

Procedeuse durante o curso 2012-2103 ao plan de mellora recollido no informe 2011-2012, renovándose o mobiliario de aulas coa substitución das cadeiras de pá e mobiliario fixo por mesas máis amplas e libres que permiten a reorganización espacial en función de diversas propostas de actividades (traballos en pequeno e gran grupo).
En canto ao resto de espazos libre da Facultade (no Módulo A, B e Central), é preciso indicar que, aínda sen estar previsto como mellora programada, o Equipo Decanal do centro decidiu re-acondicionar e distribuír parte do vello mobiliario da Biblioteca, como foron mesas e cadeiras, durante o curso 2013-2014, coincidindo coas obras citadas con anterioridade neste Servizo. O resultado desta acción foi dispor duns 130 postos de traballo ao longo dos diferentes módulos da Facultade para uso libre por parte do alumnado.
Ábrese a posibilidade de reconsiderar e acondicionar espazos para facilitar o uso de equipos informáticos portátiles do alumnado.

***4. Servizo de Recursos Psicopedagóxicos (Boa práctica con proposta de mellora AM-5 no curso 2012-2013)***

A posta en marcha do Servizos de Recursos Psicopedagóxicos (SRP) foi unha das boas prácticas indicadas no informe de seguimento de 2011-2012. Informárase no informe do 2012-2013 que a política de alta contención de gasto económico en Educación imposibilitara a contratación dunha bolseira ou bolseiro que permitise dinamizar en maior medida o seu funcionamento; repercutindo negativamente nas valoracións realizadas polo alumnado de Educación Social nas enquisas de satisfacción aplicadas.
Para o curso 2013-2014 propuxérase unha acción de mellora (AM-5) deste servizo que permitise a ampliación de horario reducido a 8 horas semanais ata agora; a ampliación do catálogo de probas dispoñibles para empréstito; e o cambio de emprazamento que permita ampliar o espazo dispoñible, tanto para a ampliación do depósito e arquivo de recursos como para incrementar a dispoñibilidade de postos de consulta na sala ou o traballo en grupo. Ditas medidas foron en boa parte aplicadas, xunto con outras melloras:

***Novo espazo físico (mellora AM-14-2):***
Durante o curso 2013-2014 o SRP mudouse para un espazo físico algo máis amplo para mellorar as súas prestacións, tales como favorecer a accesibilidade ás probas e recursos en depósito así como ofrecer a posibilidade de traballo en pequeno grupo por parte de alumnado e profesorado da titulación, en especial para o apoio a sesións interactivas de laboratorio en materias afíns.

***Carteis de localización do SRP na Facultade de CC. da Educación (mellora AM-14-2):***
